

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 5 DE MAIO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a proxectos tractores de hoteis balneario e hoteis talaso de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria con carácter plurianual (2025-2026), por un importe dun millón setecentos mil euros (1.700.000 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a rehabilitación ou reforma de hoteis balneario e hoteis talaso de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria con carácter plurianual (2025-2026), por un importe de seis millóns oitenta e cinco mil euros (6.085.000 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, para executar polos grupos e centros de investigación das universidades galegas e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por un importe total de douscentos mil euros (200.000 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de inclusión educativa de Galicia, EduInclusión 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas 2025), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de oito millóns trescentos mil euros (8.300.000 €).
- Acordo polo que se exime da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión das axudas derivadas da resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas Grandes Empresas en Foexga 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se acorda a inclusión de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana no Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes e pola que se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade de 2025, cun importe de tres millóns setecentos dezaoto mil sesenta e nove euros (3.718.069 €).
- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se regula o Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción e se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade de 2025, cun importe de dez millóns de euros (10.000.000 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 58 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela 5D, sita nos Rosais (A Coruña), cun orzamento de licitación de catrocentos setenta e dous mil trinta e oito euros con noventa e sete céntimos (472.038,97 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de equipamento de hospitalización e sistemas automatizados de dispensación de medicamentos (Sadme) con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de doce millóns catrocentos sesenta e tres mil catrocentos trinta e dous euros (12.463.432 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Vigo, tramitado co número de expediente AB-ASV1-25-001, para un período dun ano de contrato máis un ano de prórroga e cun orzamento de once millóns setecentos corenta e seis mil cincocentos doce euros con sete céntimos (11.746.512,07 €) e un valor estimado de vinte e tres millóns catrocentos noventa e tres mil vinte e catro euros con catorce céntimos (23.493.024,14 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Federación de Libreiros de Galicia para a realización das feiras do libro de Galicia no ano 2025 e de actividades de formación, actividades culturais en librarías e dixitalización, por un importe total de douscentos vinte mil cento corenta e seis euros con setenta e sete céntimos (220.146,77 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2025.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o balance das consecuencias na Xestión dos servizos públicos e as medidas implementadas pola Xunta de Galicia con ocasión do apagamento enerxético producido o 28 de abril en España.

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o balance da evolución das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia (1990-2023).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a Estratexia galega de atención á soidade non desexada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a asistencia na confección do modelo do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (modelo 600).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posición da Consellería de Sanidade sobre a proposta de convenio coas mutuas elaborado polo Ministerio de Seguridade Social e balance do Plan de mellora da xestión e control da IT.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o impacto da actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia na xestión documental da Comunidade Autónoma.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para apoiar iniciativas de emprendemento e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2025.
- Informe sobre as axudas convocadas e concedidas no ano 2025 para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre os datos da actividade dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a proposta de acción do Goberno galego ante a reforma da política pesqueira común.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NO PLAN DE TURISMO TERMAL E ACTIVA AXUDAS POR PRETO DE 8 M€ PARA A CREACIÓN E A REHABILITACIÓN DE ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

As axudas inclúen gastos subvencionables realizados e pagados ata o 30 de xuño de 2026

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe dúas convocatorias de axudas enmarcadas no Plan de turismo termal de Galicia. Por unha banda, apoiarase desde Turismo de Galicia a posta en marcha de proxectos tractores que teñan un efecto transformador no sector turístico de establecementos na categoría de hoteis balneario e hoteis talaso da comunidade, para así ampliar a oferta existente de aloxamentos turísticos deste tipo. Pola outra, subvencionarase a rehabilitación ou reforma de establecementos deste tipo que xa estean en funcionamento.

As dúas convocatorias teñen carácter plurianual para o período 2025-2026 e están enmarcadas no Plan territorial de vilas termais e cascos históricos, unha actuación cofinanciada con fondos NextGeneration da Unión Europea, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A primeira das convocatorias recoñece como actuacións subvencionables aquelas en que o proxecto achegado teña como finalidade a creación dun novo establecemento de aloxamento turístico con servizo de balneario ou talaso. Deberán contar coa declaración da condición de mineral, termal ou de manancial das augas no momento de presentación da solicitude.

A convocatoria inclúe dúas liñas de axudas, unha primeira centrada na construción, reforma ou rehabilitación sustentable de edificios e na adaptación de infraestruturas ou instalacións para a posta en marcha dun novo establecemento turístico de aloxamento vinculado a un balneario ou talaso; e a segunda, destinada aos sistemas de enerxías renovables e economía circular no novo establecemento turístico vinculado a un balneario ou talaso. En total, a convocatoria ten previsto un crédito de 1,7 M€, dos que 1,4 M€ se centran na primeira liña e 300.000 € na liña 2.

Para poder optar á subvención, as iniciativas terán que cumprir dúas condicións de tres propostas. Estas son crear un mínimo de cinco postos de traballo directos, favorecer os vínculos con axentes públicos e privados do territorio para xerar un efecto panca positivo no sector turístico, ou contribuír á sostibilidade turística mediante programas de actividades ou xornadas de sensibilización. Poderán resultar beneficiarias destas axudas as pequenas, medianas e grandes empresas que proxecten levar a cabo un proxecto deste tipo na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Proxectos de rehabilitación

A segunda convocatoria céntrase na posta en marcha de proxectos de rehabilitación ou reforma de establecementos turísticos coa categoría de hoteis balneario e hoteis talaso de Galicia, que no momento da solicitude contén con circuitos termais e ofrezan servizos e tratamentos vinculados ao emprego de augas mineromedicinais ou do mar. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria e teñan inscrito e autorizado ou clasificado no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia o establecemento turístico para o que se solicita a axuda.

Nesta convocatoria diferéncianse tres liñas de gasto subvencionable para cada proxecto. A primeira céntrase na propia reforma ou rehabilitación das instalacións, mentres que a liña 2 destínase a medidas de eficiencia enerxética e economía circular nas infraestruturas termais, que contribúan á mitigación do cambio climático. A terceira liña busca fomentar a difusión da cultura termal galega e do turismo de saúde, a través de iniciativas como xornadas, publicacións e programas.

As axudas están dotadas con 6,085 M€, que se distribúen nas tres liñas de tal modo que a primeira recibe 5,265 M€, a segunda 300 mil € e a terceira 520 mil €.

Nas dúas convocatorias aprobadas hoxe polo Goberno galego está establecido que os gastos subvencionables deberán estar realizados e pagados con data límite do 30 de xuño de 2026. Tamén comparten o prazo de presentación de solicitudes, que será de dous meses desde que transcorran oito días naturais a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para a primeira quincena do mes de maio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO MARCO DA AXENDA 2030

- A orde conta cunha dotación orzamentaria de 200.000 euros e un período de execución de dous anos, que van desenvolver as universidades galegas en solitario ou en colaboración con outros axentes ou grupos de investigación
- Igual que nas últimas convocatorias, a orde alíñase coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable tendo en conta que a universidade é un espazo axeitado para promover a innovación que contribúa ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da orde de axudas destinada a financiar a realización de proxectos de investigación e a creación de grupos de investigación en materia de cooperación ao desenvolvemento no marco da Axenda 2030 que poderán executar grupos e centros de investigación das universidades galegas. A orde, que se comezou a convocar en 2014, estará dotada con 200.000 euros, que se distribuirán entre este ano e o próximo.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros no caso dun investigador/a individual que presente un proxecto de investigación, e ascenderá a 30.000 euros cando se trate dun proxecto dun grupo xa constituído. Pola súa banda, a subvención para a creación dun grupo de investigación poderá chegar a un máximo de 35.000 euros. Desde a súa posta en marcha, a Xunta leva investidos máis dun millón de euros nesta iniciativa.

Esta convocatoria enmárcase no V Plan director da cooperación galega 2023-2026, así como no Plan anual da cooperación galega para este ano. Cumpre cos obxectivos de apostar por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, promove unha cultura de investigación que mellora a xestión e contribúe ao impacto das intervencións, e posibilita unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia nos sectores con equipos de investigación fortes.

Ademais, esta orde vén determinada pola necesidade de alinear a convocatoria coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable. Neste sentido, os proxectos financiados deben ter como obxectivo a promoción do desenvolvemento humano e sustentable, consonte a Axenda Nacional e Internacional de Desenvolvemento e, en particular, aliñados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) de Nacións Unidas. Deste xeito, considérase que a universidade é o espazo fundamental para o desenvolvemento da investigación, e é ademais o espazo axeitado para impulsar a innovación e os cambios de comportamento que nos sitúen na senda do cumprimento dos ODS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A POSTA EN MARCHA O VINDEIRO CURSO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA CON MEDIDAS PIONEIRAS E Á CARTA

- Asegura que o obxectivo é “que cada alumno poida aproveitar ao máximo as súas potencialidades”
- Estará dotada de 116 M€ ata 2030 e consolidará Galicia coma a comunidade “co ensino máis accesible e inclusivo” de toda España
- Salienta a creación da “FP básica adaptada” a través de acordos de colaboración entre centros de educación especial e de FP para favorecer a permanencia destes estudantes no sistema educativo
- Intensificarase a relación cos colectivos de atención á diversidade, que impartirán formación especializada a docentes cos expertos dos que dispoñen en cada ámbito
- Reforzarase o profesorado de apoio naqueles centros onde se detecten necesidades de mellora nas competencias clave do alumnado, cun procedemento regrado
- Anuncia dous novos programas de apoio “aos alumnos de ESO de etnia xitana” e aos estudantes “de altas capacidades”
- Procúrase un ensino personalizado, que se adapte ás necesidades de cada alumnado e ás preferencias das súas familias con base nas distintas opcións de escolarización

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou que de que o Consello aprobou hoxe a nova Estratexia de inclusión educativa (EduInclusión 2030) “para garantir un ensino á carta” co obxectivo de que “cada alumno poida aproveitar ao máximo as súas potencialidades”. Unha folla de ruta que estará dotada de 116 millóns de euros e que “se poñerá en marcha o vindeiro curso”.

Rueda salientou que esta iniciativa se enmarca na aposta da Xunta por un modelo educativo accesible e inclusivo no que se busca que “Galicia sexa unha terra de oportunidades na que cada alumno poda aproveitar as súas capacidades”. Nesta liña lembrou que “Galicia xa conta co ensino máis equitativo e inclusivo” ao ser a comunidade onde máis rapaces con necesidades educativas están matriculados en centros ordinarios, ser pioneiros en computar a estes alumnos por dous ou por tres a efectos de rateos nas clases e duplicar case o número de profesores de apoio nos últimos 15 anos.

No documento da nova Estratexia inclúense novidades como a creación “da FP básica adaptada” como unha das vías para asegurar a permanencia do alumnado no sistema máis aló do ensino obrigatorio. Deste xeito, búscase axudalo na súa cualificación para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Isto farase a través de acordos de colaboración entre centros de educación especial e de FP, e tamén se actualizará a normativa neste eido. Ao mesmo tempo, impulsaranse as prácticas en empresas que fomenten a inclusión social e laboral e deseñaranse un apoio personalizado aos alumnos en función das súas condicións e necesidades, con programas formativos adaptados.

A relación coas entidades de atención á diversidade é un dos aspectos que cobra especial relevancia na estratexia xa que, a partir de agora, se intensificará a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboración e a coordinación con elas. No aproveitamento de sinerxías neste eido, unha das novidades é que os profesionais destas organizacións ofrecerán formación especializada aos docentes, o que redundará nunha mellor atención aos alumnos segundo as súas condicións.

Nesta folla de ruta para os vindeiros cinco cursos tamén se fai fincapé no acompañamento no caso de traxectorias educativas en risco de repetición ou abandono escolar e no establecemento de liñas para distintos colectivos e necesidades, como o alumnado de etnia xitana, de altas capacidades ou que estea hospitalizado por motivos de saúde.

Outro dos piares da estratexia é proporcionar unha educación inclusiva á carta, adaptada aos nenos con necesidades específicas e aos intereses das súas familias, con distintas opcións de escolarización existentes e polas que poden optar con autonomía: en centros ordinarios, modalidade combinada, centros de educación especial, etc. Co fin de mellorar tamén a atención personalizada que reciben, revisaranse os protocolos actualmente en funcionamento e deseñaranse outros novos en diálogo cos colectivos interesados. Tamén se actualizará a normativa para adecuala á evolución e ás necesidades actuais.

En resumo, a estratexia -froito dun longo traballo de planificación técnica e de diálogo coas entidades- está estruturada en seis eixos que definen os grandes ámbitos de actuación para a súa implementación efectiva a través de nove liñas de traballo e medio cento de medidas dirixidas a alumnado, profesorado, centros educativos e familias.

Dáse prioridade aos principios de prevención, para identificar e atender anticipadamente as condicións que dificultan a aprendizaxe do alumnado antes de que estas situacións deriven en abandono; de equidade, garantindo a atención á diversidade e o desenvolvemento integral do alumno; de accesibilidade universal, blindando a igualdade de oportunidades cunha mirada inclusiva nos programas educativos para rachar coas barreiras que dificultan a participación do alumnado máis vulnerable, e de participación e corresponsabilidade educativa de todos os axentes que interveñen no proceso.

Colaboración con entidades de atención á diversidade

No eixo 1, de sensibilización sobre a importancia da cultura inclusiva, crearanse marcos de colaboración entre institucións e asociacións -tanto dentro de Galicia como con proxectos fóra da Comunidade estatais e internacionais- para facilitar o intercambio de recursos e experiencias co fin de abordar de maneira conxunta esta realidade.

Impulsarase, así mesmo, a cooperación con colectivos sociais a través de convenios específicos e desenvolverase unha campaña de difusión do modelo galego. E co Plan de nova arquitectura pedagóxica favorecerase o deseño de espazos cada vez máis inclusivos.

Outra das liñas de actuación é o recoñecemento de modelos de éxito nos centros, como exemplos de boas prácticas para o resto, achegando así experiencias previas que sirvan de modelo. Isto inclúe, entre outros, a elaboración dunha guía, a consolidación do programa de centros referentes e o Premio de boas prácticas de educación inclusiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Facilitar a permanencia do alumnado no sistema

No eixo 2, de fomento da permanencia do alumnado do sistema educativo, a estratexia recolle medidas para favorecer a continuidade dos estudantes a través dunha oferta formativa atractiva, sobre todo no eido da formación profesional, de itinerarios formativos adaptados aos ritmos e ás necesidades dos alumnos. Así mesmo, impulsarase a FP básica adaptada mencionada. Neste eido inclúese tamén reforzar o acompañamento nas traxectorias educativas do alumnado en risco de repetición ou de abandono a través do Plan FPGal 360 de orientación profesional integral, aprobado recentemente.

Coa mesma finalidade de permanencia no sistema, consolidarase a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia, logo do seu bo funcionamento nos últimos cursos; crearase a Rede galega de aulas hospitalarias e optimizarase a coordinación deste servizo; actualizarase o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar e reforzaranse as comisións provinciais neste eido para acompañar nas traxectorias educativas do alumnado en risco de repetición e abandono.

Neste punto prevese tamén a dotación de profesorado de reforzo para aqueles centros educativos en que se detecte a necesidade de mellorar o nivel das competencias clave do seu alumnado, de acordo cun procedemento regrado, así como o desenvolvemento de accións dentro do Programa de apoio ao alumnado estranxeiro ou para aqueles que se atopen en situación de acollemento familiar ou en garda con fins de adopción. Por último, impulsarase o papel das ANPA nos espazos de representación institucional.

Outra das novidades, tal e como indicou Rueda, é a posta en marcha de dous "programas piloto" de apoio "a alumnos de ESO de etnia xitana e estudantes de altas capacidades". Por unha parte, estará *Impulso mentor*, para o desenvolvemento persoal e académico do alumnado de etnia xitana que está a cursar a etapa de ESO, en colaboración coas asociacións representativas deste colectivo. Tamén se potenciará o programa de Bibliotecas Inclusivas e desenvolveranse novos protocolos de actuación para atender a diversidade.

E, por outro lado, o alumnado de altas capacidades será outro dos destinatarios do plan, cun programa de resposta de carácter voluntario que atenda as súas necesidades para promover un desenvolvemento integral, intelectual e emocional. Tamén se creará o programa piloto *Sen límites para a inclusión*, dirixido a estudantes de 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º da ESO, que desenvolverán obradoiros para traballar o respecto e valorar as diferenzas.

Normativa adaptada ás novas realidades

No eido 3 faise énfase na revisión da normativa en materia de inclusión e que esta se actualice e se adapte á evolución das necesidades da comunidade educativa. Isto implica o reforzo dos procedementos de dotación de persoal especializado (como son os docentes de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe), a actualización da Rede de orientación educativa ou facilitar unha escolarización á carta, que atenda as casuísticas do alumnado e a preferencia das súas familias, apostando pola educación combinada para compartir actividades e espazos e a identificación de centros preferentes que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destaquen polo seu bo traballo en determinados ámbitos. Tamén o desenvolvemento de marcos reguladores propios en favor da inclusión no referido a cuestións como a FP básica adaptada ou o asesoramento por parte dos centros de educación especial a centros ordinarios.

Previr o abandono a través da intelixencia artificial

O eixo 4, aproveitando o proxecto EdugallA que acaba de ser cofinanciado a nivel estatal como o proxecto educativo máis innovador de España, céntrase na optimización da xestión educativa a través da intelixencia artificial, o que facilitará a toma de decisións do alumnado e a comunicación entre as familias, os centros e a Administración.

Así mesmo, permitirá facer un seguimento da redución do abandono escolar mediante o emprego de técnicas analíticas avanzadas. Neste eixo inclúese a optimización do funcionamento dos departamentos de orientación coa nova ferramenta Galorienta.

Diálogo entre os centros educativos e as facultades

O eixo 5 recolle o desenvolvemento das competencias profesionais docentes potenciando a relación entre a formación inicial do profesorado e a formación permanente co fin de enriquecer a súa práctica. Isto é, que o profesorado conte cunha formación inicial sólida que lle asegure as ferramentas necesarias para afrontar a diversidade da aula e os retos do sistema educativo, así como cunha formación especializada no campo da inclusión.

Neste senso, promoverase o diálogo entre as facultades de educación e os centros e coordinarase coas universidades a incorporación da perspectiva inclusiva e as metodoloxías correspondentes nos programas formativos do Máster universitario en profesorado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, FP e ensinanzas de idiomas, o reforzo da formación continua do profesorado no Plan anual de formación do profesorado e a consolidación da celebración anual do Congreso de Educación Inclusiva.

Finalmente, a estratexia péchase co eixo 6, centrado no seu desenvolvemento cun calendario para a súa avaliación, o grao de cumprimento e as posibles revisións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 12,5 M€ A PROMOCIONAR AS EMPRESAS GALEGAS CON DÚAS NOVAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PARA REFORZAR E DIVERSIFICAR A SÚA PRESENCIA NO EXTERIOR

- O Goberno galego lanza unha nova convocatoria do programa Galicia Exporta para potenciar accións de promoción exterior que xeren vantaxes competitivas na proxección e o posicionamento das empresas galegas
- As axudas, en concorrencia non competitiva, apoian actividades de difusión e participación en eventos expositivos no exterior, accións de prospección internacional e uso de tecnoloxías dixitais que faciliten o acceso a mercados internacionais
- Paralelamente, actívase unha nova convocatoria do programa Grandes Empresas en Foexga por un importe de 250.000 €, facilitando a participación destas compañías nas misións comerciais co obxectivo de que a súa experiencia e volume sirva como efecto tractor doutras empresas na procura de novos mercados
- As dúas convocatorias, para as que se destina algo máis de 8,5 M€, súmanse ás liñas Galicia Exporta Organismos Intermedios e Foexga activadas recentemente, e que contan cun orzamento conxunto de 4 M€ para reforzar a posición das empresas galegas nos mercados exteriores
- De forma complementaria, a Xunta intensifica a promoción exterior e o diálogo cos sectores estratéxicos para apoiar as empresas galegas ante a nova política arancelaria dos EE.UU. e favorecer a súa diversificación nos mercados internacionais

A Consello da Xunta coñeceu hoxe o lanzamento das novas convocatorias dos programas Galicia Exporta Empresas e Grandes Empresas en Foexga, que permitirán seguir impulsando a internacionalización do tecido empresarial galego, especialmente pemes e autónomos, destinando máis de 8,5 millóns de euros a reforzar a súa presenza nos mercados internacionais e a diversificar a súa actividade exportadora. En total, o Goberno galego dedicará neste 2025 un total de 12,5 millóns de euros para favorecer a saída ao exterior da Comunidade das empresas.

Neste marco, o Galicia Exporta Empresas suma 8,3 millóns de euros para incentivar a realización de accións de promoción exterior que xeren vantaxes competitivas para as empresas galegas. As axudas, que se concederán en réxime de concorrencia non competitiva, están dirixidas a pemes e autónomos que contan cun centro de traballo en Galicia e que estean integrados en programas avanzados de apoio á internacionalización do Igape.

As actuacións subvencionables inclúen a participación como expositores en feiras e eventos internacionais -presenciais ou virtuais-, campañas de márketing e comunicación en mercados exteriores, accións de prospección e análise de novos mercados, iniciativas de operatividade para facilitar a entrada nos mercados internacionais e, como principal novidade este ano, accións de dixitalización para a internacionalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta última liña permitirá apoiar investimentos como a creación ou optimización de tendas en liña, campañas de *inbound* márketing internacional, elaboración de catálogos en liña e desenvolvemento de solucións de analítica de datos para a mellora da xestión comercial internacional.

En paralelo, actívase tamén a nova convocatoria do programa Grandes Empresas en Foexga que, cunha dotación de 250.000 euros, está destinada a apoiar a participación de grandes empresas galegas en misións comerciais e eventos expositivos internacionais, organizados polas cámaras de Comercio no marco do Plan Foexga.

A inclusión das grandes empresas responde á estratexia de favorecer o seu efecto tractor sobre o resto do tecido produtivo, de maneira que a súa experiencia, dimensión e presenza internacional contribúan a abrir novas oportunidades para as pemes galegas.

Aposta pola internacionalización

Estas dúas novas convocatorias súmanse ás liñas Galicia Exporta Organismos Intermedios e Foexga para pemes, activadas recentemente, que contan cun orzamento conxunto de 4 millóns de euros para apoiar a proxección internacional das empresas galegas.

A internacionalización segue a ser unha prioridade estratéxica para o Goberno galego, enmarcada na Estratexia de internacionalización da empresa galega 2021-2025, que ten contribuído a que Galicia acade o seu récord histórico de exportacións, impulsando a apertura de novos mercados, consolidando posicións en destinos maduros e impulsando a diversificación sectorial e xeográfica das exportacións.

Neste sentido, desde 2016, o Galicia Exporta Empresas apoiou preto de 1.600 proxectos, con máis de 34 millóns en axudas. Ademais, entre 2020 e 2024, o programa Galicia Exporta Dixital, cuxas liñas se integran agora en Galicia Exporta Empresas, facilitou máis de 450 proxectos con máis de 14,5 millóns en subvencións.

Pola súa parte, o programa Grandes Empresas en Foexga, activo desde 2019, permitiu apoiar a participación de máis de 60 grandes empresas galegas cada ano en accións internacionais que chegaron a 41 países diferentes, cun investimento global de 690.000 euros.

Ademais destas accións de promoción exterior para reforzar e diversificar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais e, no marco da nova política arancelaria dos EE.UU., a Xunta de Galicia está a manter encontros de traballo con clústers, consellos reguladores e asociacións e organizacións representativas dos principais sectores da nosa economía co obxectivo de dar resposta aos posibles impactos económicos, especialmente nas empresas que teñan maior dependencia do mercado estadounidense, e tamén apoialas na súa procura de novas oportunidades de negocio e na diversificación dos mercados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DIRIXE MÁIS DE 3,7 M€ A AXUDAR OS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA ACCIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO

- O Consello da Xunta de Galicia tomou razón dunha nova convocatoria do Fondo de cooperación para financiar, a través de préstamos sen xuros, accións de rehabilitación de competencia municipal e a adquisición de inmobles para a súa posterior recuperación
- A Xunta publicará proximamente esta liña de axudas, que estará aberta desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 15 de outubro de 2025
- Desde a posta en marcha do Fondo de cooperación, o Goberno galego leva concedido 126 préstamos por importe de máis de 26 M€

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da convocatoria do Fondo de cooperación para a rehabilitación, cunha dotación de 3.718.069 euros dirixidos a axudar os concellos de menos de 50.000 habitantes para financiar, a través de préstamos sen xuros, actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas, así como a adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

Estes fondos canalizaranse a través dunha nova orde de axudas do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído deste municipios, que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas publicará proximamente, tras o acordo da reunión hoxe do Executivo autonómico.

O obxectivo deste Fondo de cooperación é facilitar que os concellos acometan actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio en aras de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispoñer dunha vivenda digna e axeitada.

Neste sentido, o fondo contribuirá a facilitarlles aos concellos as actuacións subsidiarias de rehabilitación nos casos en que os propietarios das vivendas desatendan as súas obrigas. Nestes casos a normativa vixente permítelles aos concellos actuar subsidiariamente e despois reclamar aos propietarios o importe das actuacións realizadas, pero moitos concellos non exercen o seu dereito por non dispoñer do financiamento necesario, ao que agora poderán acceder, con xuros cero, a través deste fondo de cooperación.

A través do Fondo de cooperación, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) concederá préstamos sen xuros aos concellos para realización de diversas obras de rehabilitación de edificacións, co compromiso das administracións locais de devolver as cantidades percibidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con cargo ao Fondo de cooperación poderán financiarse actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación coas obrigas de conservación e rehabilitación.

Ademais, posibilitan a financiación das actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.

Tamén, a través do Fondo de cooperación, os concellos poderán adquirir inmobles para a súa posterior rehabilitación e elaborar plans especiais de protección.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do Fondo de cooperación no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará o 15 de outubro de 2025.

As entidades locais interesadas en solicitar financiamento do Fondo de cooperación deberán solicitar á Xunta, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a sinatura dun acordo de adhesión a dito fondo no cal constarán as actuacións que vai realizar o concello, a contía da que vai dispoñer, o prazo e as condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo.

Ningún concello poderá realizar unha solicitude de disposición nin acumular a través de diferentes acordos de adhesión máis do 25 % do total do importe co que está dotado o fondo. Ademais, o concello solicitante deberá atoparse ao día das súas obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia e comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas no acordo para a reposición dos fondos.

O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes está dotado cun importe de 20 M€ procedentes das fianzas de alugueiro depositadas no IGVS, cuxa devolución aos depositarios está plenamente garantida. As cantidades devoltas polos concellos pasarán a integrarse novamente no fondo para que poidan ser reutilizadas en novos préstamos.

Desde a posta en marcha do fondo, o Goberno galego leva concedidos 126 préstamos por importe de máis de 26 millóns de euros para impulsar actuacións nun total de 68 concellos para a rehabilitación e adquisición de diversas construcións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO NOVO FONDO DE COOPERACIÓN PARA A PROMOCIÓN DE VIVENDAS POR PARTE DOS CONCELLOS POR UN ORZAMENTO DE 10 M€

- As vivendas promovidas ao abeiro desta iniciativa deberán destinarse a alugueiro social
- Trátase da primeira convocatoria deste novo fondo, que complementa o creado en 2017 para actuacións de rehabilitación e que ata 2024 concedeu 126 préstamos por valor de máis de 26 M€

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á creación e próxima convocatoria do novo Fondo de cooperación cos concellos para fomentar a promoción de vivenda de nova construción, para a que se reserva un orzamento de 10 M€. Este novo fondo de cooperación complementa o xa existente para actuacións de rehabilitación que, ata 2024, concedeu 126 préstamos por valor de máis de 26 millóns de euros.

Trátase da primeira convocatoria desta iniciativa do Goberno galego, financiada a partir dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), polo que se conceden préstamos sen xuros aos concellos para ampliar o seu parque de vivendas e que terán que ser devoltos nun prazo máximo de oito anos.

As vivendas promovidas ao abeiro desta iniciativa deberán destinarse ao alugueiro social.

Nesa liña, os fondos terán que ser devoltos nun prazo máximo de oito anos. Deste xeito, as contías devoltas polos concellos serán reintegradas ao fondo para a concesión de novos préstamos.

O concello que desexe acollerse a este mecanismo presentará a correspondente solicitude que se materializará na sinatura dun convenio de financiamento con cargo ao Fondo de cooperación.

No citado convenio constarán as actuacións que se van realizar, a contía de que se vai dispor, o prazo e as condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo recollidas nesta resolución e na correspondente convocatoria.

Con cargo ao Fondo de cooperación poderá financiarse, total ou parcialmente, a promoción de vivenda protexida de nova construción, directamente ou a través de outros promotores públicos ou privados.

Tamén se poderán financiar as obras de urbanización dirixidas ao paso dun ámbito de solo da situación de rural a urbanizado para crear, xunto coas correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, unha ou máis parcelas aptas para a edificación ou uso independente e conectadas funcionalmente coa rede dos servizos exixidos pola ordenación territorial e urbanística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, inclúese a adquisición de solo para a promoción de inmobles de nova construción para a súa cualificación como vivendas protexidas.

Poderanse financiar as actuacións iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude de acceso ao financiamento, sempre que estean en execución nesa data.

Ningún concello poderá solicitar préstamos por un valor que supere o 40 % da dotación do fondo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR 472.000 EUROS DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUÍR 58 VIVENDAS PÚBLICAS NOS ROSAIS, NO CONCELLO DA CORUÑA

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará os contratos da redacción do proxecto e dirección de obra para estas vivendas, que se construírán nunha das parcelas cedidas polo Concello

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 472.038 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e de dirección de obra para a construción de 58 vivendas de promoción pública en solo cedido polo concellos da Coruña, na zona dos Rosais.

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará estes contratos proximamente e os técnicos ou as empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Trátase de construír 58 vivendas protexidas, garaxes e rochos nunha das parcelas cedidas polo concello. En concreto, trátase da parcela 5D, situada no polígono Los Rosales-Zona Elíptica.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.000 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

En paralelo, O Goberno galego ten en marcha a primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, coa que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

No caso da Coruña, a Xunta de Galicia avanza na adxudicación da redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito de Monte Mero, onde se prevén 4.310 vivendas, o 80 % delas protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE 12,4 M€ NA COMPRA DE EQUIPAMENTO DE HOSPITALIZACIÓN E SISTEMAS AUTOMATIZADOS DE DISPENSACIÓN DE MEDICAMENTOS

- O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe esta contratación, que responde ao obxectivo de actualizar e ampliar o equipamento dos hospitais públicos e de dotar o Hospital Novo Montecelo de sistemas automatizados de dispensación de medicamentos
- En concreto, mercaranse 2.613 camas de hospitalización, 30 sistemas automatizados de dispensación de medicamentos, 612 cadeiras de brazos de paciente e 43 camas de críticos
- Os sistemas automatizados de dispensación de medicamentos posibilitan un control extremadamente preciso dos produtos dispoñibles nos diferentes servizos hospitalarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por un valor estimado de 12.463.432 euros e unha duración de dous anos, a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de equipamento de hospitalización e sistemas automatizados de dispensación de medicamentos con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Esta contratación responde á necesidade de actualizar e ampliar o equipamento de hospitalización da rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde, así como pola necesidade de adquisición de sistemas automatizados de dispensación de medicamentos para o Hospital Novo Montecelo, ao estar próximo o remate das obras.

Os máis de 12 millóns de euros de valor estimado do contrato desagreganse en preto de 10 millóns de euros destinados a camas de hospitalización; máis de 1,3 millóns de euros a sistemas automatizados de dispensación de medicamentos; máis de 430.000 euros a cadeiras de brazos de paciente; e preto dun millón de euros a camas de críticos.

En concreto, mercaranse 2.613 camas de hospitalización, 30 sistemas automatizados de dispensación de medicamentos, 612 cadeiras de brazos de paciente e 43 camas de críticos.

Os sistemas automatizados de dispensación de medicamentos posibilitan un control extremadamente preciso do stock dos produtos nos diferentes servizos hospitalarios, na farmacia do hospital e/ou nos almacéns de cada planta onde estean situados.

Destaca a alta funcionalidade destes sistemas na optimización dos recursos, xa que se trata dun sistema pechado que dispensa unicamente as medicinas receitadas a cada paciente, o que elimina gastos innecesarios e aumenta a seguridade ao evitar erros de dispensación. Ademais, ofrecen outras vantaxes como deixar o persoal máis tempo para a atención ao paciente e a posibilidade de controlar en tempo real os niveis de inventario.

Respecto das camas de hospitalización que se mercarán, valorarase que teñan alarma de ángulo de cabeceiro nas destinadas a pacientes de alta complexidade; que durante as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

manobras de subida e baixada das varandas o desprazamento lateral destas sexa mínimo; que permitan movemento de lateralización, ademais da compatibilidade de todas elas con limpeza ao vapor; así como que dispoñan de soporte para a incorporación do paciente, extraíble e regulable en altura.

No que atinxe ás camas de críticos valorarase, entre outras prestacións, que dispoñan de módulos terapéuticos programables e de alarma acústica de ángulo de respaldo configurable para a realización de protocolos de Neumonía O.

Polo que se refire ás cadeiras de brazos de paciente, valorarase o sistema de rodadura, a densidade do recheo, o ángulo de regulación do respaldo, o peso máximo soportado, así como a incorporación da bandexa auxiliar e de soporte para bolsa de drenaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE DA ÁREA DE VIGO POR UN IMPORTE DE 11,7 M€

- O contrato terá unha duración inicial dun ano e recolle unha posible prórroga por outros 12 meses máis
- Están incluídos no contrato os traslados sanitarios de tipo programado, non programado, interhospitalario e o transporte aos centros de saúde e hospitais galegos dos usuarios dos centros sociosanitarios
- O Executivo galego incrementou nun 39 % o orzamento destinado a garantir este servizo ás máis de 568.000 persoas que residen na área sanitaria de Vigo

O Consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a licitación dos servizos de transporte sanitario non urxente da Área Sanitaria de Vigo por un importe de 11.746.512 euros e unha duración inicial dun ano.

Mediante este expediente, no cal se prevé unha posible ampliación do contrato por outros 12 meses cun valor estimado, neste caso, de 23,4 millóns de euros, a Xunta garante esta prestación asistencial ás máis de 568.000 persoas que residen na área sanitaria de Vigo.

O Executivo galego incrementou nun 39 % o orzamento destinado a un contrato que inclúe os traslados programados desta área sanitaria co obxectivo de que os pacientes poidan recibir asistencia (consultas, tratamentos, curas ou probas).

Así mesmo, tamén se inclúen os traslados non programados, os de tipo interhospitalario e o transporte aos centros de saúde e hospitais galegos de usuarios dos centros sociosanitarios.

O incremento orzamentario desta nova licitación responde á necesidade de atender aos novos acordos definidos no convenio colectivo galego de transporte sanitario de enfermos e accidentados en ambulancia, ao incremento dos custos do persoal, ás partidas destinadas aos vehículos, ás melloras de adecuación das infraestruturas e á suba nos custos do combustible.

A Consellería de Sanidade traballa na mellora continua da calidade asistencial na comunidade, a través da renovación e mellora das infraestruturas sanitarias, do incremento dos cadros de persoal ou coa ampliación da carteira de servizos sanitarios que se prestan á poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COAS LIBRARÍAS PARA MELLORAR A SÚA DIXITALIZACIÓN E IMPULSAR O LIBRO GALEGO

- O Consello dá luz verde ao convenio dotado con máis de 220.000 € para actuacións de divulgación, información e promoción da cultura
- A achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tamén irá destinada ao circuío das feiras do libro de Galicia, cuxa segunda parada se está a celebrar en Santiago de Compostela ata o 11 de maio
- As librarías tradicionais continúan a ser a canle elixida para a adquisición de publicacións (73,1 %), seguida, pero con ampla marxe, pola internet (33,5 %)

O Goberno galego colaborará coas librerías galegas para mellorar a súa dixitalización e impulsar o libro galego. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, no que se deu luz verde ao convenio de colaboración coa Federación de Librarías Galegas dotado con máis de 220.000 € e destinado a facilitar actuacións de divulgación, información e promoción da cultura mediante a organización de actividades, o deseño de iniciativas formativas e a mellora e modernización dos recursos.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incrementa en 5.000 € a súa achega ata os 165.000 €, renovando así o acordo iniciado no ano 2015 e que permite a celebración das feiras do libro de Galicia, o circuío que ata finais do mes de agosto percorrerá 13 vilas e cidades galegas e que actualmente está a facer a súa segunda parada en Santiago de Compostela, onde permanecerá ata o 11 de maio. Tras esta cita, o percorrido continuará o vindeiro martes 13 de maio en Lugo con presentacións, sinaturas, encontros con escritores e escritoras, recitais, mostras teatrais, concertos e propostas infantís.

Por outra banda, continuando coa formación dos asociados, o convenio tamén inclúe xornadas para afondar no modelo de feiras do libro e no funcionamento e aproveitamento dos programas de xestión. Trátase dunha iniciativa dirixida a profesionais e axentes do libro que se levará a cabo tanto de xeito presencial como en liña.

Ademais, co fin de impulsar o libro galego e facilitar a participación de autores e creadores nas librarías, nos meses de abril, maio, outubro e novembro levaranse a cabo 26 actividades culturais en 26 establecementos libbreiros que poderán ser en dúas modalidades, segundo a elección das librarías, clubs de lectura ou sesión de contacontos. Todas as propostas estarán relacionadas co libro galego. Deste xeito, preténdese acadar un aumento da dinamización cultural e da nosa lingua, á vez que as librarías consoliden a consideración das actividades culturais como parte da súa actividade diaria.

O último dos obxectivos, centrado na dixitalización, procurará que as librarías implementen novos e mellores servizos da intranet dirixidos a impulsar unha rede de contactos profesionais a que poidan acudir as librarías asociadas, crear unha bolsa de traballo para atopar profesionais que queiran desenvolver a súa carreira laboral no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector do libro e enlazar traballadores interesados nesta profesión coas librarías con necesidades de persoal.

Ademais, tamén se creará un espazo de documentación útil para os libbreiros que inclúa convenios, estatutos, circulares e convocatorias co obxectivo de contribuír a unha xestión máis eficiente, á vez que se busca propiciar unha difusión máis extensa das actividades culturais ao redor da lectura e da nosa lingua.

Incremento no número de lectores e de compras

Cómpre salientar que os establecementos libbreiros son o espazo principal en que os galegos e galegas mercan os seus libros. Así se recolle no informe sobre hábitos lectores e compra de libros en Galicia durante 2024 avaliado este mesmo mes polo Consello da Xunta de Galicia no cal se salienta que o 73,1 % das persoas mercan os seus libros na librería tradicional, seguida da compra a través da internet (33,5 %).

Segundo este estudo, o 67,4 % da poboación galega mercou o pasado ano algún libro. Esta porcentaxe reflicte un aumento do 3,8 % con respecto ao ano 2023 e sitúa a nosa Comunidade dous puntos por riba da media nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLADIGA 2025 QUE INCLÚE UN INCREMENTO DO 19 % NO ORZAMENTO PARA A FORMACIÓN DO PERSOAL CONTRA INCENDIOS

- Destínanse preto de 1,8 millóns de euros no bienio 2025-2026 á formación e ao adestramento dos profesionais para a realización de case 3.500 edicións de cursos e accións formativas
- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) correspondente ao ano 2025, unha vez oído o Consello Forestal de Galicia na súa xuntanza do pasado mércores, día 30 de abril
- Entre as novidades deste ano salienta a incorporación, dentro do Plan de extinción, da figura de xefe/a de loxística, unha tarefa que desempeñarán técnicos ou axentes en incendios complexos
- Tamén se avanza nunha ferramenta sobre risco de incendios para determinar as áreas en que deseñar estratexias preventivas que diminúan os lumes e as superficies queimadas, traballando este ano en Pontevedra e Ourense co proxecto USE4FOREST do programa europeo Interreg-Sudoe
- Ademais, prevese a elaboración dos plans preventivos nos seis parques naturais de Galicia, como áreas de actuación singularizada, compatibilizando a protección do patrimonio natural coa prevención de incendios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Xunta destinará no bienio 2025-2026 preto de 1,8 millóns de euros á formación e ao adestramento do persoal dos servizos de prevención de incendios forestais co fin de garantir a protección dos nosos montes de cara á tempada “de maior risco de lumes”.

Segundo sinalou Rueda, estas cifras supoñen un incremento de case o 19 % do orzamento, en comparación co bienio anterior. Con estes fondos, a previsión é financiar preto de 3.500 edicións de cursos e accións “de formación e adestramento” ao longo do referido período.

Así figura no Plan de formación integrado dentro do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) correspondente ao ano 2025, que hoxe aprobou o Consello do Goberno galego, unha vez oído o Consello Forestal de Galicia na súa xuntanza do pasado mércores, día 30 de abril.

As cifras de investimento en programas formativos do persoal contra incendios veñen consolidar o esforzo realizado polo Goberno galego a través da Consellería do Medio Rural nesta materia no ano 2024. Nesa anualidade impartíronse 473 edicións de cursos, dirixidas a 11.447 participantes, con máis de 108.000 horas de formación. No período 2019-2024, o orzamento total dedicado á formación situouse en preto de 2,6 millóns de euros, o que permitiu desenvolver 159 cursos, con máis de 468.810 horas lectivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Seis programas de formación

O titular do Goberno galego destacou que de cara aos vindeiros anos, o Plan de formación e adestramento para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios (SPIF) estrutúrase en seis programas con “novas ferramentas”. En primeiro lugar, o catálogo de cursos monográficos, un programa de formación para o período 2025-2028 co obxectivo de mellorar a cualificación profesional do persoal, ofertando anualmente un catálogo de cursos monográficos, de diferentes temáticas relacionadas coa prevención e extinción de incendios forestais, conducentes á obtención dun diploma acreditativo desta formación. En segundo termo, un itinerario formativo profesional, que suporá a preparación diversificada e por grupos de categorías profesionais, que vai desde unha cualificación inicial ata a especialización do persoal.

O terceiro programa céntrase no adestramento do persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) e está dirixido a mellorar a organización e a eficiencia no traballo. En cuarto lugar, establécese un apartado de formación a medios das entidades locais, que implica a preparación básica para o persoal adscrito aos concellos que participa nas tarefas de extinción de incendios forestais, como complemento aos cursos que poidan recibir desde a propia institución municipal.

O quinto programa está orientado a “actuacións de sensibilización e información” para a poboación, co obxectivo de informala das medidas preventivas, concienciala das obrigas establecidas na normativa e aconsellala sobre o comportamento a seguir ante os incendios forestais que poidan ter lugar nos seus lugares de residencia habitual.

O último programa, de divulgación, céntrase en actividades de sensibilización pública, dirixidas principalmente a escolares e alumnado de formación profesional, entre as cales se inclúen charlas, exposicións, visitas, demostracións etc.

Este esforzo en materia formativa enmárcase no Pladiga, que ten como principal finalidade reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.

Creación da figura do xefe de loxística

Ademais, entre as novidades deste ano no Pladiga, Rueda salientou a incorporación, dentro do Plan de extinción, dunha “nova figura”, a de xefe/a de loxística. Trátase dunha nova figura, a nivel operativo, que desempeñarán técnicos ou axentes en incendios complexos. As súas funcións, entre outras, serán as de “facilitar o desprazamento dos medios” no lugar do incendio na localización das zonas de actuación e/ou destino indicado nas instrucións de traballo, supervisar e garantir o correcto funcionamento das comunicacións no incendio e xestionar o avituallamento dos medios en coordinación co persoal do Punto de Recepción de Medios (PRM) e o Centro de Coordinación de Distrito (CCD).

O xefe de loxística tamén se encargará de coordinar co CCD a xestión do aloxamento do persoal do SPIF que o necesitare e daquelas outras tarefas destinadas a facilitar a obtención de material, subministracións ou os servizos necesarios para o desempeño correcto das funcións dos medios que operan no incendio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda sinalou que un ano máis, o dispositivo de loita contra os incendios forestais en Galicia estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións. Este dato é semellante ao das últimas campañas. Neste contexto, cómpre facer mención á mellora do reforzo do persoal, co aumento do tempo de traballo do persoal laboral fixo discontinuo, pasando a actuar oito meses no 2025 e nove meses no 2026.

Sobre os medios materiais, Galicia contará de novo cunha trintena de medios aéreos contra o lume, entre os da Xunta de Galicia e os que achega o Estado. En terra haberá preto de 380 motobombas e vehículos pesados, contabilizando tanto as da Xunta como as municipais. Ademais, procurarase continuar co proceso de mellora e modernización dos medios de prevención e extinción. Neste sentido, cómpre lembrar que desde o ano 2013 se renovaron 137 motobombas do parque do SPIF e este ano está prevista a adquisición de tres novas unidades.

Plans preventivos nos parques naturais

En canto aos chamados obxectivos de control, mantense tamén a liña de campañas anteriores, e así establécense, entre outros, os de que a superficie queimada total, a arborada queimada, a total por lume e a queimada por lume se manteñan por baixo da media da última década. Tamén, que o número total de incendios estea por baixo da media dos últimos dez anos (situada nos 307), que os lumes que superen as 25 hectáreas queden por baixo do 2 % do total e que aqueles de menos de 1 ha sexan máis do 70 % do total.

Con respecto aos obxectivos específicos, cómpre salientar o incremento da superficie xestionada en materia de prevención, dado que, segundo apuntou o presidente, outra das novidades do Pladiga 2025 é a elaboración de "plans preventivos" nos seis parques naturais de Galicia, como áreas de actuación singularizada, compatibilizando a protección do patrimonio natural coa prevención dos incendios.

A actualización do Pladiga tamén avanza no desenvolvemento dunha ferramenta que permita coñecer "con antelación" o risco de lume para determinar as áreas estratéxicas en que deseñar estratexias preventivas que contribúan a diminuír o número de lumes e superficies queimadas, traballando este ano nos territorios de Pontevedra e Ourense a través do proxecto USE4FOREST do programa europeo Interreg-Sudoe.

Prevención, sensibilización e investigación

No que atinxe ao Plan de prevención, afondarase nos traballos de creación de áreas cortalumes e faixas auxiliares de pista, na mellora de pistas forestais, nos tratamentos silvícolas preventivos e nas queimas prescritas. Ademais, levarase a cabo a revisión e o mantemento dos máis de 5.000 puntos de auga repartidos polo territorio galego.

Dentro deste plan, hai que salientar o esforzo que se fai no Programa de sensibilización en centros educativos, e máis concretamente coa publicación do novo material divulgativo *Os Bolechas. Os incendios forestais*, cunha tirada de 3.500 exemplares do libro, 10.000 exemplares do caderno e outros 10.000 da unidade didáctica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En relación co Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras salienta a actuación nas parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI). No 2025 incorpóranse á listaxe do ano anterior dúas parroquias, as de Requeixo, no concello ourensán de Chandrexa de Queixa, e Pontellas, no municipio pontevedrés do Porriño. Saen da listaxe dezaseis parroquias, co que o número total de PAAI no ano 2025 é de 26, e 24 delas repiten respecto da listaxe do ano pasado. Así pois, a cifra total diminúe en 14 con respecto ao 2024, no cal se rexistraron un total de 40 PAAI.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA O LABOR DE PROFESIONAIS DAS EMERXENCIAS, DA SANIDADE E DA SEGURIDADE QUE PERMITIRON QUE GALICIA SUPERASE O APAGAMENTO SEN INCIDENCIAS GRAVES

- Uns 300 axentes da Policía Autonómica, 700 membros das brigadas forestais e máis de 230 agrupacións de voluntarios de protección civil foron mobilizados na comunidade
- A eles hai que sumar efectivos de Garda Civil, Policía nacional, policía locais, UME e servizos de emerxencias locais e provinciais.
- Os hospitais atenderon máis de 2.000 urxencias, 39 nacementos e realizaron 600 cirurxías durante as horas sen subministro eléctrico
- O 061 recibiu máis de 2.300 chamadas e realizou un millar de intervencións
- As residencias de maiores e centros de atención a discapacidade rexistraron unha trintena de incidencias, ningunha grave, coma solicitar oxíxeno ou combustible
- Os primeiros estudos estiman en 200 M€ as perdas das empresas e a industria galega polo apagamento
- Demanda ao Goberno central coñecer “canto antes” as causas para evitar que se repita e indemnizar as empresas afectadas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, agradeceu hoxe o labor de todos os profesionais que traballaron durante o apagamento rexistrado a semana pasada que permitiron que puntos claves, coma os centros sanitarios ou as residencias de maiores, funcionaran con case normalidade e evitaron que as consecuencias da falta de subministro eléctrico “fosen aínda moito máis graves”. Segundo sinalou o presidente, a prioridade “era manter o funcionamento dos servizos públicos esenciais”.

O titular do Executivo galego informou de que tal e como amosa un informe sobre o apagamento, hoxe presentado no Consello, ao longo da crise foron mobilizados máis dun millar de profesionais de diferentes eidos na comunidade. Entre eles, 300 axentes da Policía Autonómica, 700 membros das brigadas forestais, máis de 230 agrupacións de voluntarios de protección civil así como bombeiros, técnicos de emerxencia e o persoal dos corpos e forzas de seguridade – Garda Civil, Policía nacional, policía locais ou UME-, entre outros.

No eido sanitario, Rueda destacou que os hospitais puideron continuar coa súa actividade -priorizando as urxencias- grazas ao correcto funcionamento dos xeradores aos que se lles subministraron ata 73.100 litros extra para garantir a súa continuidade no caso de que se alongase a falta de electricidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os datos indican que os hospitais galegos “atenderon máis de 2.000 urxencias e naceron 39 nenos e nenas”. Realizáronse case 600 cirurxías, tendo que suspender 259, todas elas programadas e de carácter non urgente. En canto ao 061, recibiu máis de 2.300 chamadas e levou a cabo case un millar de intervencións, entre elas a asistencia a 121 persoas que presentaban problemas respiratorios ou necesitaban oxíxeno nos seus domicilios; 24 accidentes de tráfico e 11 ictus.

Rueda tamén resaltou que as residencias e centros de atención a discapacidade rexistraron “unha trintena de incidencias” durante o apagamento, “ningunha grave”, vencelladas á necesidade de subministro de combustible, de grupos electrógenos ou de oxíxeno para algún paciente.

O presidente agradeceu o labor dos membros das brigadas de montes, protección civil e a Garda Civil que, ante as dificultades para comunicarse cos centros, desprazáronse de forma presencial por todos eles para ver se necesitaban algo.

No eido educativo, Rueda lembrou que a Xunta decidiu manter os colexios, institutos e escolas infantís abertas, pero sen actividade lectiva para “facilitar a conciliación familiar”. Os datos amosan que a gran maioría do alumnado non se desprazou ao seu centro: só o 3,5% no caso das escolas infantís e o 2,5% no resto.

Consecuencias para o tecido produtivo

As primeiras análises do Foro Económico de Galicia estiman en 200 millóns de euros as perdas das empresas e industrias galegas pola parada da produción, danos na maquinaria, perda do stock ou merma das vendas ao ter que pechar durante esa xornada como ocorreu no comercio.

Entre os eidos que rexistraron máis incidencias destacan as industrias que dependen de compañías auxiliares como pode ser a automoción e nas que o apagamento causou unha ruptura dos subministros.

Coñecer as causas

Rueda agradeceu a colaboración e coordinación co Goberno central durante a fase na que a emerxencia estaba en nivel 3 en Galicia e sinalou que o Goberno galego vai “elevar unha serie de propostas de mellora” de cara a “intentar estar o mellor preparados posible”. Non obstante, tamén instou a coñecer canto antes “explicacións sobre o que aconteceu” para ter claras “as causas do problema”, algo fundamental tanto para solucionalo se volve suceder como para evitar que se volva producir.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS EMISIÓN NETAS REDÚCENSE EN GALICIA UN 61,7 % E ACHEGAN A COMUNIDADE AO OBXECTIVO DA NEUTRALIDADE CLIMÁTICA EN 2040, UNHA DÉCADA ANTES DO QUE FIXA A UE

- O Consello da Xunta de Galicia toma razón dun informe sobre a evolución dos gases de efecto invernadoiro en 2023 fronte ao 1990, ano de referencia para as políticas climáticas
- Galicia consolida a súa posición como a comunidade cun mellor balance entre emisións e absorcións e a súa redución de GEI é case cinco veces a da media estatal
- Durante o período analizado, as emisións brutas diminuíron un 38,3 % en Galicia, que volve ser a comunidade con maior capacidade de absorción de CO₂ de todo o país
- Estes datos confirman a boa posición de partida coa que se afrontan os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático e do II Plan rexional integrado de enerxía e clima, cuxo reto é reducir as emisións netas en 2030 nun 75 % e lograr que o 85 % da xeración eléctrica na Comunidade galega proceda de fontes renovables

As emisións netas de gases de efecto invernadoiro (GEI) reducíronse en Galicia en 2023 nun 61,7 % con respecto ao 1990, ano de referencia a nivel comunitario para as políticas climáticas. Este balance consolida a súa posición de liderado a nivel nacional e achégaa ao cumprimento do obxectivo da neutralidade climática no ano 2040, é dicir, unha década antes do prazo fixado pola propia UE.

Así se recolle nun informe do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta de Galicia para analizar a evolución deste tipo de gases na Comunidade e o seu comportamento en relación co resto de territorios do país a partir dos últimos datos oficiais dispoñibles.

Neste sentido, a diferenza entre as emisións e as absorcións dos distintos gases considerados de efecto invernadoiro —as chamadas emisións netas— volveu situar a comunidade galega á cabeza de España neste eido, cunha redución do 61,7 % que equivale a case cinco veces o descenso rexistrado a nivel nacional (que foi do 12,6 %).

Este bo comportamento tamén se detecta cando se analizan por separado as emisións e as absorcións contabilizadas en Galicia durante o período de referencia. Así, en 2023 volveu ser a comunidade española que demostrou ter unha maior capacidade de absorción, captando grazas aos cambios de uso do solo e á silvicultura un total de 8,9 millóns de toneladas de CO₂ equivalentes, é dicir, un 57 % máis do que absorbía en 1990.

Así mesmo, no punto das emisións brutas, os últimos datos oficiais apuntan a unha redución en Galicia do 38,3 % no período 1990-2023, descenso moito máis importante que o que experimentou o conxunto do Estado, que só logrou reducilas nun 5,8 %.

Esta diferenza de máis de 32 puntos porcentuais reflicte que a Comunidade galega non só ten un ritmo de absorción moi por riba da media nacional, senón que é capaz de seguir contendo as súas emisións GEI, o que explica porque nos últimos anos presenta o mellor balance de emisións netas de todo o país.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a nivel interanual, a evolución foi igualmente positiva, cunha diminución das emisións contaminantes dun 7,5 % (1,4 millóns de toneladas de CO₂eq) respecto do ano 2022 e consolidando deste xeito a tendencia descendente dos últimos anos.

De feito, facendo unha análise desde un punto de vista cualitativo, todos os sectores que contribúen en Galicia á contaminación atmosférica experimentaron unha redución de emisións no último ano, mentres que o crecemento do PIB foi dun 1,8 % polo que non se pode atribuír a factores económicos.

Neste senso, destacan sobre todo o sector enerxético, que reduce as súas emisións nun 17,2 % pola implementación da xeración eléctrica renovable —un sector que a UE considera de interese público superior polo seu papel clave en termos de descarbonización, opinión compartida pola Xunta—, e o do transporte, que logo de incrementar as emisións de GEI nos últimos anos logrou en 2023 rebaixalas nun 2,9 %.

Obxectivos II PRIEC

Estes datos, procedentes do Inventario Nacional de Emisións que elabora o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, confirman a boa posición da que parte Galicia para seguir avanzado nos obxectivos a medio prazo da Xunta en materia de descarbonización e de loita contra o quecemento global.

Neste sentido, cómpre lembrar que o pasado mes de xaneiro se aprobou o II Plan rexional integrado de enerxía e clima (PRIEC) 2030 e se actualizaron os obxectivos da Estratexia galega de cambio climático para garantir que Galicia lidere a acción climática a nivel rexional e nacional e seguir avanzando ata conseguir un balance neutro entre as emisións e as absorcións de gases de efecto invernadoiro, adiantando este obxectivo a 2040 fronte ao fito orixinal (2050).

Esta nova planificación será a ferramenta que guíe as políticas climáticas da Xunta nos vindeiros anos, de forma transversal e implicando no proceso todos os departamentos autonómicos para acadar os obxectivos climáticos desde as súas áreas competenciais.

Como obxectivos xerais a medio prazo establécese para o ano 2030 o reto de reducir as emisións nun 75 % e lograr que o 85 % da xeración eléctrica na Comunidade proceda de fontes renovables. Con tal fin, precisamente, o novo PRIEC prevé un conxunto de 93 medidas que implican varios departamentos da Xunta de Galicia e moitas delas de carácter transversal, e con preto de 1.800 millóns de euros de investimento asignados.

Ademais, o compromiso de acadar a neutralidade climática na Comunidade no horizonte do ano 2040 quedará recollido tamén na futura Lei do clima de Galicia, en cuxo texto traballa a Xunta de Galicia coa previsión de remitilo ao Parlamento no segundo semestre do ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA REFORZARÁ A SÚA ESTRATEXIA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA CON NOVAS MEDIDAS COMA REDES DE APOIO LOCAL OU UN TELÉFONO ESPECÍFICO

- Salienta que o obxectivo destas redes será “detectar situacións de vulnerabilidade ou illamento entre persoas maiores”
- Estarán formadas por comercios de barrio, cafeterías, farmacias ou asociacións veciñais que alertarán a servizos sociais no caso de identificar algún caso
- A conselleira de Política Social e Igualdade adianta que nas vindeiras semanas porase en marcha un servizo de atención multicanle para estes casos en colaboración coa Cruz Vermella
- A Estratexia, dotada de 145 M€, actuará en diferentes eidos: a detección, a sensibilización, a prevención e a intervención

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que a Xunta vai reforzar a Estratexia contra a soidade non desexada con novas medidas coma a “creación de redes de apoio local” ou un servizo multicanle de atención específica para as persoas en esta situación. O obxectivo é facer fronte a “un dos desafíos sociais do noso tempo” que está ligado ao incremento da esperanza de vida.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá esta Estratexia e o seu plan de acción, que inclúe medidas xa en marcha e outras novidasas, e que estará dotada de “máis de 145 millóns de euros”. Tal e como explicou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, o documento fixa catro eixos de actuación: “a detección, a sensibilización, a prevención e a intervención”, cada un deles con propostas concretas.

Así, no que atinxe ao primeiro destes eixos, a detección, “buscamos un sistema de alarmas que identifiquen casos concretos”, indicou a conselleira. Nesta liña, prevese a elaboración dun protocolo para identificar situacións de soidade non desexada e a creación dun censo. Tamén se prevé utilizar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para detectar e activar os recursos necesarios para combater situacións de soidade non desexada; así como unha maior coordinación cos traballadores sociais de atención primaria e dos concellos.

Outra medida que forma parte deste eixo, tal e como explicou o presidente, é a creación de redes de apoio local e comunitario “para detectar situacións de vulnerabilidade e illamento social entre as persoas maiores”. Estarán formadas por “comercios de barrio, bares e cafeterías, farmacias, carteiros, centros parroquiais ou asociacións veciñais” que contarán cun distintivo e “darán a voz de alarma en caso de que identifiquen sinais preocupantes” nalgunha persoa maior do barrio ou parroquia. Ademais, en cada lugar haberá un coordinador “en estreita colaboración cos servizos sociais”.

No marco da sensibilización, desenvolveranse campañas informativas e de concienciación, programas de formación para profesorado e alumnado e recoñecerase o traballo de persoas e entidades contra a soidade non desexada. Ademais, e xa no campo da prevención, a estratexia aposta por seguir promovendo actividades interxeracionais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

por poñer en marcha un programa de rutas culturais e viaxes para persoas maiores, por continuar cos proxectos de acompañamento dixital para persoas con 65 e máis anos para reducir a fenda dixital ou por consolidar e ampliar o Carné +65.

O último eixo da estratexia, a intervención, define actuacións de apoio e acompañamento, tales como o fomento de vivendas compartidas de tipo *cohousing* ou *coliving*, programas de voluntariado específicos en materia de atención á soidade non desexada, a creación da figura de coordinadores de barrios e parroquias, a colaboración coas protectoras de animais para facilitar o coidado ou a adopción dunha mascota e a organización de cafés grupais.

Así mesmo, a conselleira salientou que entre as novas actuacións que se levarán a cabo para facer fronte a situacións de soidade non desexada, unha das máis inminentes será a posta en marcha "dun servizo multicanle", que ademais de atender as chamadas que reciba fará un seguimento dos casos. Este servizo xestionarase en colaboración coa Cruz Vermella, que tamén habilitará puntos presenciais de atención e fará un seguimento das pautas e dos hábitos de vida de usuarios da teleasistencia avanzada para previr e atender situacións de soidade. "Poñerase en marcha nas vindeiras semanas" de forma piloto co seguimento de "mil persoas maiores de 65 anos", indicou a conselleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZA A ASISTENCIA AOS CONTRIBUÍNTES COA PRESTACIÓN DE AXUDA NA CONFECCIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS

- As cinco delegacións da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) na Comunidade Autónoma ofrécenlles desde hoxe aos contribuíntes esta axuda de xeito presencial e telefónico
- A medida vai dirixida a todas as persoas físicas que ata o momento presentaban o ITPAXD en papel, por carecer de medios ou coñecementos para facelo de xeito telemático

A Xunta comeza hoxe a prestar asistencia aos contribuíntes para liquidar o imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados (ITPAXD), máis coñecido como modelo 600. O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, informou hoxe o Consello de Goberno de que as cinco delegacións da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) lles ofrecen aos contribuíntes esta axuda, de xeito presencial e telefónico.

A medida vai dirixida a todas as persoas físicas que ata o momento presentaban a autoliquidación dese imposto en papel, por carecer de medios ou de coñecementos para facelo de xeito telemático. Este novo servizo segue os pasos do implantado hai dous anos para asistir aos contribuíntes na confección da autoliquidación do imposto pola transmisión de vehículos de segunda man (modelo 620). Trátase dunha axuda moi ben aceptada e cunha valoración moi boa entre os cidadáns que, desde a súa posta en marcha en 2023, presentaron xa máis de 3.000 modelos por esta vía.

A Atriga detectou a necesidade desta axuda, posto que no ano 2024 se presentaron máis de 52.000 autoliquidacións en papel do modelo 600, preto dunha cuarta parte do total das presentadas. É por iso que, a partir de hoxe, todos os contribuíntes que desexen asistencia para a confección e presentación do modelo 600 en operacións como a compravenda de inmobles de natureza urbana ou rústica, a de bens mobles, coa excepción dos vehículos que tributan polo modelo 620, a transmisión ou constitución de dereitos reais, o arrendamento de leiras, os préstamos entre particulares, a declaración de obra nova ou a cancelación de hipotecas poden facelo en calquera das delegacións da Atriga.

A Axencia Tributaria de Galicia dá un paso máis no seu obxectivo de conseguir unha Administración que se achegue á cidadanía, facilitándolle o acceso á información e aos seus servizos, maior axilidade na tramitación e redución nos tempos de resposta, para mellorar a calidade e a eficiencia do servizo ofrecido.

Trátase de seguir simplificando a asistencia aos contribuíntes e axilizar e personalizar os trámites coa Atriga, facendo realidade o seu lema *Atriga contigo!*, logo da posta en marcha e continua mellora de sistemas de información e axuda a través dunha web renovada, a aplicación móbil, a asistencia presencial e, proximamente, a videoasistencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN DE MELLORA E CONTROL DAS INCAPACIDADES TEMPORAIS DA XUNTA PERMITIU REVISAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO PRETO DE 19.000 BAIXAS E CITAR PARA VALORACIÓN MÁIS DE 6.000 PACIENTES

- Como resultado deste traballo, emitíronse 3.593 altas, 871 delas indicadas directamente pola propia Inspección de Servizos Sanitarios e 2.722 inducidas polas diferentes actuacións inspectoras
- Os servizos de admisión dos hospitais emitiron 363 partes médicos de baixa de incapacidade temporal para o caso de cirurxías con ingreso programadas, evitando trámites burocráticos e o desprazamento a pacientes ou aos seus familiares
- Os datos de xaneiro de 2025 sinalan unha redución do 11,87 % da incidencia da incapacidade laboral e unha minoración do 14,68 % na prevalencia dos procesos que duraron un mes con respecto aos datos do ano anterior
- A Consellería de Sanidade anticipouse, coa posta en marcha do plan en agosto do pasado ano, á proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social dun modelo normalizado de convenio para a mellora na xestión das incapacidades temporais
- A Xunta considera que o modelo de convenio proposto polo Goberno coas mutuas non mellora o procedemento posto en marcha en Galicia, supón unha carga adicional para os facultativos e os pacientes e non garante celeridade no proceso asistencial

O Plan de mellora e control das incapacidades temporais posto en marcha pola Xunta, a través da Consellería de Sanidade, permitiu revisar, no primeiro trimestre do ano, preto de 19.000 procesos de baixa e citar para valoración máis de 6.000 pacientes.

Así se recolle no informe sobre o balance do plan nos tres primeiros meses de ano que coñeceu hoxe o Consello da Xunta. Neste período revisáronse, concretamente, 18.263 procesos de incapacidade temporal activos e citáronse para a valoración presencial 6.014 pacientes.

Como resultado dese traballo emitíronse 3.593 altas, das que 871 foron indicadas directamente pola propia Inspección de Servizos Sanitarios e 2.722 foron inducidas polas actuacións inspectoras de control da xestión da incapacidade temporal. No total das altas inclúense as 1.525 indicadas ao médico de atención primaria como resultado das actuacións do plan.

Desde a posta en marcha do reforzo das inspeccións (xuño de 2024), levouse a cabo a revisión de 67.963 procesos de incapacidade temporal e citouse para unha avaliación presencial a 28.748 pacientes de baixa.

O plan posto en marcha pola Xunta ten tamén como obxectivo controlar a incidencia (os procesos que prescriben os médicos) e a prevalencia (o que duran eses procesos),

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adequando os procesos de incapacidade temporal aos estritamente necesarios e a súa duración segundo as necesidades de cada paciente.

Neste sentido, o informe apunta a un cambio de tendencia, coa diminución da prevalencia dos procesos en 2025 con respecto a 2024, e tamén se temos en conta o aumento que se rexistrou o pasado ano con respecto á media nacional. A modo de exemplo, con datos de xaneiro de 2025, a prevalencia dos procesos que duraron un mes reduciuse nun 14,68 % respecto do ano 2024, e a prevalencia dos procesos que duraron 10 meses diminuíu un 14,36 % respecto do ano 2024.

Igualmente a incidencia diminuíu un 11,87 % con respecto ao ano 2024.

O informe de balance tamén recolle a actividade realizada polos servizos de admisión dos hospitais dos partes de baixa de incapacidade temporal, que emitiron 363 partes médicos de baixa para os casos de cirurxías con ingreso programadas, evitando así trámites burocráticos e o desprazamento dos pacientes ou familiares aos dispositivos asistenciais de atención primaria.

Destes 363 partes emitidos polos servizos de admisión hospitalaria, 83 corresponden ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña; 88, ao Hospital Lucus Augusti; 49, ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; 35, ao Complexo Hospitalario de Pontevedra; 28, ao Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela; 54, ao Complexo Hospitalario de Vigo; 19, ao Complexo Hospitalario de Ferrol; 6, ao Hospital do Salnés e 1, ao Hospital de Valdeorras.

Este servizo iniciou a súa implantación na Área Sanitaria de Lugo, no Hospital Lucus Augusti, onde se empezaron a dar eses partes de baixa a mediados do mes de febreiro e unha semana despois comezaron a emitirse desde os servizos de admisión de todas as áreas.

Ademais, nos tres primeiros meses do ano fixéronse por parte das mutuas 212 probas diagnósticas prescritas polo Servizo Galego de Saúde, pasando estes estudos a formar parte da historia clínica electrónica do paciente IANUS e facilitando, deste xeito, a asistencia polos dispositivos asistenciais da sanidade pública da nosa Comunidade.

Anticipación da Xunta á proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social

Coa aprobación por parte do Consello da Xunta no pasado mes de agosto do Plan de mellora da xestión e control da incapacidade temporal, o Goberno galego anticipouse ao modelo proposto polo Instituto Nacional da Seguridade Social para a mellora da eficacia na xestión da prestación da incapacidade temporal derivada das continxencias comúns a través da intervención das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Ao respecto, a Consellería de Sanidade, que ten a responsabilidade de velar pola calidade da prestación sanitaria por ser o órgano garante dos dereitos dos pacientes, presentou alegacións ao texto proposto polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia considera que o modelo proposto polo Goberno central supón unha carga adicional para os médicos de atención primaria porque deben informar o paciente e entregar o consentimento informado para derivar o doente á mutua, o que aumenta a carga burocrática e a xestión do tempo das súas axendas de traballo.

Ademais, o procedemento que propón o Goberno central implica a sinatura de catro consentimentos informados por parte do paciente. Isto supón tamén unha maior carga burocrática. O modelo posto en marcha pola Consellería de Sanidade obriga a un único consentimento informado por parte do paciente.

Xunto co anterior, a Xunta considera que a proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social non ten en conta as funcións inspectoras do control da incapacidade temporal, privándoas da función de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos, que queda recollido no modelo galego de colaboración das mutuas para velar pola garantía dos dereitos dos pacientes.

Tampouco o modelo do Goberno central garante a celeridade da continuidade asistencial que prevé o Plan galego de mellora do control da incapacidade temporal, nin a atención integral do paciente.

No plan deseñado pola Xunta, os servizos de admisión dos hospitais xestionan a realización da proba requirida polo médico responsable da asistencia sanitaria e a continuidade asistencial. Deste xeito, evítanse demoras innecesarias e diminúense, ao mesmo tempo, as listas de agarda.

Unidade de apoio no mes de maio na área da Coruña

A posta en marcha do Plan de mellora e control da incapacidade temporal da Xunta supuxo a activación dunha unidade de apoio dos servizos centrais, coa finalidade de informar os médicos de primaria e reforzar as actuacións inspectoras.

Esta unidade de apoio de servizos centrais xa realizou tarefas durante o pasado ano nas áreas de Ferrol, Lugo e Santiago de Compostela. Seguindo esta liña de traballo, a actividade desta unidade de apoio dos servizos centrais levarase neste segundo trimestre de 2025 á área da Coruña.

Para os efectos de propiciar unha colaboración eficiente entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia para levar a cabo o control da prestación sanitaria por incapacidade temporal do empregado público, a Consellería de Sanidade remitiu a instrución a todas as consellerías da Xunta para que poidan solicitar á Inspección de Servizos Sanitarios a revisión de procesos de incapacidade temporal dos seus traballadores, estando en trámite no momento actual a encomenda de xestión a Muface e Mugeju.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA OPTIMIZA A XESTIÓN DOCUMENTAL COA ELIMINACIÓN DE MÁIS DE 40.000 METROS LINEAIS DE DOCUMENTACIÓN DESDE 2016

- O Consello dá conta do informe realizado por este organismo que expurgou máis de 349.000 ficheiros de arquivos físicos
- O órgano colexiado dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude funciona como consultor e de asesoramento á Administración para o estudo e ditame das cuestións relativas ao patrimonio documental de titularidade pública
- O traballo, encadrado no Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026, garante a protección documental que debe conservarse e a eliminación segura e eficiente do que debe expurgarse

O Goberno galego autorizou desde o ano 2016 máis de 40.000 metros lineais de documentación co fin de optimizar a xestión documental. Así se reflicte no informe sobre o impacto do Consello de Avaliación Documental de Galicia avaliado hoxe no Consello da Xunta e no que se dá conta do funcionamento desta ferramenta estratéxica para garantir unha correcta conservación, acceso e eliminación dos douscentos producidos polas administracións públicas galegas.

Así, este órgano colexiado da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude celebrou desde a súa creación, no ano 2016, máis de 20 sesións ordinarias en que analizou 133 estudos de series documentais, elaborou 128 táboas de avaliación publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e emitiu informe de 152 solicitudes de eliminación documental.

Grazas a este labor, autorizouse a eliminación de 349.422 unidades de instalación, o que representa máis de 40 quilómetros lineais de documentos sen valor conservados innecesariamente. Dese volume, 306.532 caixas corresponden á propia Administración autonómica, o que supón máis do 87 % do total. Esta cifra tradúcese nunha redución significativa da carga documental, liberando espazo físico e optimizando recursos na Xunta de Galicia.

A actividade do Consello abrangue todo o sector público galego. Reúnese tres veces ao ano e recibe propostas non só das consellerías da Xunta, senón tamén de concellos, universidades e outras entidades públicas galegas. Ademais, este informe permite que cada consellería coñeza cales das súas series documentais foron avaliadas e cales non, incluídas aquelas de carácter transversal que afectan o conxunto da Administración autonómica.

Máis alá da eliminación, o traballo do Consello de Avaliación Documental de Galicia determina os prazos de transferencia entre arquivos e establece os criterios obxectivos para conservar ou destruír documentos, segundo o seu valor legal, informativo, administrativo ou histórico. Tamén regula o acceso á documentación segundo a normativa sobre protección de datos, propiedade intelectual e outros dereitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cabe destacar que a destrución documental só pode realizarse logo do ditame favorable do Consello e da resolución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Ademais, este proceso faise baixo a supervisión dun técnico arquiveiro e cumpre cos estándares de confidencialidade, seguridade e sustentabilidade ambiental.

As tarefas deste organismo encádranse nos obxectivos do Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026, que aposta pola mellora continua da custodia documental e pola implantación de boas prácticas arquivísticas en todos os órganos da Administración autonómica. Con este labor estratéxico, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso coa modernización da Administración, a protección do patrimonio documental galego e a mellora do acceso da cidadanía á información pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ 800 NOVOS PROXECTOS EMPREENDEDORES CUNHA ACHEGA DE 6,7 M€ CON FOCO NA REMUDA XERACIONAL E NA CONTINUIDADE DE NEGOCIOS ASENTADOS NO TERRITORIO

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre a nova convocatoria de achegas dirixida a autónomos, mutualistas, pemes, cooperativas e sociedades laborais que se constituíran ou se deran de alta a partir do 1 de xaneiro de 2023
- Cun incremento de 200.000 € respecto da anterior convocatoria, inclúe como principal novidade o reforzo específico das iniciativas de emprendemento que recollan a testemuña dun negocio viable, evitando así o seu peche
- Ademais, simplifícanse os tramos subvencionables co fin de axilizar a xestión administrativa e adáptanse os investimentos, cun máximo de 60.000 euros, á realidade económica dos emprendedores galegos para maximizar o seu impacto
- As achegas, que poden chegar ata os 35.000 euros, inclúen a adquisición de equipamento informático, mobiliario, reforma e habilitación de locais, gastos notariais ou de alugueiro e compra de activos a establecementos existentes
- Estas axudas, das que xa se beneficiaron 2.700 iniciativas, enmárcanse na aposta estratéxica a prol do emprendemento, eido a que se destinan máis de 32 M€ en 2025 e que se canaliza a través do labor da Rede de Polos, que xa atendeu 4.000 proxectos

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe un informe sobre a próxima convocatoria de axudas destinada a apoiar as novas iniciativas emprendedoras constituídas en Galicia desde 2023, co obxectivo de facilitar os seus primeiros pasos. Cun orzamento global de 6,7 millóns de euros e as achegas que poden acadar os 35.000 euros, prevese apoiar arredor de 800 proxectos que se atopan na súa fase máis emerxente. Ademais, entre as principais novidades deste ano, destaca o reforzo específico da remuda xeracional que garanta a continuidade de negocios viables, a simplificación dos tramos subvencionables, co fin de axilizar a xestión administrativa; e a adaptación estratéxica dos investimentos máximos á realidade económica dos autónomos e das pequenas e medianas empresas, principais protagonistas do tecido produtivo galego. Está previsto que a convocatoria se publique nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e poderá solicitarse ata o 30 de xuño de 2025.

Con esta liña de axudas —que conta cun incremento de 200.000 euros respecto do ano anterior e da que xa se levan beneficiado 2.700 emprendedores desde 2022— o Goberno galego continúa avanzando no seu impulso estratéxico ao emprendemento vencellado ao territorio, un eido a que se destinan máis de 32 millóns de euros en 2025 co obxectivo de favorecer a posta en marcha de negocios que xeren emprego, riqueza e contribúan á fixación de poboación e á dinamización territorial. Neste senso, a orde analizada hoxe complementa de forma crucial o labor de asesoramento gratuíto que se canaliza a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego, unha iniciativa da Xunta que conta con 15 oficinas repartidas por toda Galicia, nas cales se levan atendido case 4.000 proxectos. Deste xeito, as persoas emprendedoras que boten a andar unha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividade económica dispoñen dun apoio integral que combina orientación personalizada co acceso ao financiamento, facilitando así que as súas ideas poidan converterse en iniciativas viables e sostibles. Ademais, súmanse outras achegas específicas como as recollidas na orde unificada de axudas para autónomos, dotada con máis de 40 M€.

Detalles da convocatoria

Poderán optar a estas axudas os autónomos, mutualistas, pequenas e medianas empresas, cooperativas e sociedades laborais que se constituíran ou se deran de alta desde o 1 de xaneiro de 2023. Na nova convocatoria mantéñense os conceptos subvencionables respecto das outras edicións, pero introdúcense melloras para reforzar o seu impacto entre o ecosistema emprendedor, reducindo os tramos de investimento subvencionables. Así, aqueles situados entre 5.000 e 20.000 euros contarán cunha axuda do 55 %; os comprendidos entre 20.001 e 30.000 euros recibirán o 50 %; e os que se atopen entre 30.001 e 60.000 euros obterán o 45 % de cobertura. Ademais, nos casos en que o proxecto evite o peche dun negocio por falta de remuda xeracional, a intensidade da axuda incrementárase nun 10 % adicional, facilitando así que a persoa emprendedora poida recoller a testemuña dunha actividade xa viable economicamente. Así, e de acordo con esta distribución, as contías poderán ir dos 2.750 euros ata os preto de 35.000.

No que respecta aos gastos computables, inclúese equipamento informático, mobiliario, eficiencia enerxética, reforma de locais, gastos notariais e de rexistro, alugueiro —que como novidade se incrementa dos 600 euros aos 1.500, 1.650 no caso de proxectos de remuda— e compra de activos pertencentes a establecementos existentes ou bens de equipo de segunda man, en liña coa aposta pola remuda de negocios en funcionamento.

Rede de Polos, motor do ecosistema emprendedor

A Rede de Polos é o máximo expoñente do esforzo da Xunta de Galicia a prol do emprendemento, xogando un papel fundamental na canalización, acompañamento e impulso de novos proxectos. O seu labor foi decisivo no recoñecemento de Galicia como Rexión Emprendedora Europea 2025. Este eixo central da estratexia complétase tanto con axudas económicas como a analizada hoxe como co desenvolvemento de proxectos destacados que reforzan todo o ecosistema. Entre eles salienta a 2ª edición de Fixar, na que participarán 80 persoas emprendedoras, afondando no modelo dos *coliving* como dinamizador territorial do rural. Tamén a nova andaina de *Xerme*, impulsada co Clúster do Ecommerce Galego para apoiar iniciativas no ámbito do comercio electrónico; e *Alento*, que xunto ao Clúster da Comunicación de Galicia ofrece asesoramento especializado en márketing e comunicación a proxectos emprendedores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA MÁIS DE 30 CONCELLOS E 14 ENTIDADES CON PRETO DE 3,2 M€ PARA POTENCIAR AS SÚAS PRAZAS DE ABASTOS COMO MERCADOS EXCELENTES

- O Consello da Xunta de Galicia analizou un informe sobre a resolución da convocatoria de axudas deste ano, unha iniciativa enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, lanzado recentemente, e que se seguirá potenciando en vindeiras edicións
- O investimento total mobilizado nesta edición é máis do triplo do de 2024 para reforzar formacións ou actuacións nas prazas de abastos que desexen solicitar o selo Mercados Excelentes, así como de mellora para as que o teñan
- Isto complementase co que o Goberno galego destina ao mercado de Ponteareas - 800.000 euros- e ao de Ourense, cunha proposta ao Concello de 1,4 millóns de euros
- No marco das axudas a concellos, resultaron beneficiarios 13 da provincia da Coruña, 12 da de Pontevedra, 3 en Lugo e 3 en Ourense e, no caso das asociacións de prazas de abastos 11 corresponden á provincia de Pontevedra, 2 á Coruña e 1 a Ourense
- Entre as novidades desta convocatoria está a simplificación das liñas de actuación para promover unha maior axilidade administrativa e que os concellos contén cun período de gasto bianual para garantir máis tempo de execución das actuacións

Un total de 31 concellos galegos e 14 asociacións e federacións de prazas de abastos beneficiaranse das axudas deste ano da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para dinamizar as prazas de abastos de Galicia e impulsar a súa certificación como Mercados Excelentes cun valor de axuda próximo aos 3,2 M€. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2025 destes apoios cos que se pode subvencionar ata o 80 % do investimento que se vai realizar. Deste xeito, o investimento total mobilizado -case 4 M€- é máis do triplo do ano pasado -case 1,1 M€-.

No caso dos municipios, o valor de axuda concedida é de preto de 3 M€ e entre as accións que se subvencionan están a elaboración ou actualización da diagnose de situación e usos do mercado, accións de mentoría, elaboración da documentación técnica e gastos de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde e actuacións de mellora para a obtención do selo de Mercado Excelente como as relacionadas co acondicionamento dos postos dos praceiros, os servizos e a accesibilidade, entre outras. Entre os beneficiarios están os tres concellos con mercados que teñen este distintivo, xa que a convocatoria inclúe achegas tanto para os que queiran implantar o selo como para os que xa o teñen.

Para as asociacións e federacións de prazas de abastos, o valor total de axuda é de preto de 171.000 € destinados a actuacións de dinamización comercial, fidelización da clientela e equipamento, o que sobe ata os preto de 3,2 M€ do investimento total de axuda autonómica neste exercicio para consolidar a rede de Mercados Excelentes. Isto complementase co que o Goberno galego destina ao mercado de Ponteareas -800.000 €- e á Praza de Abastos nº 1 de Ourense, cunha proposta ao Concello de 1,4 M€ para cofinanciar as obras de reforma do edificio municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Trátase dun compromiso que se seguirá potenciando no marco do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, unha folla de ruta que a Xunta lanzou recentemente, que está dotada con 320 M€ e 74 accións a prol do comercio de proximidade e que é resultado da escoita activa e da colaboración cos principais axentes do sector. O obxectivo é consolidar un sector competitivo, forte, moderno, sostible, atractivo e de calidade.

Distribución por provincias

Dentro das axudas a concellos, resultaron beneficiarios 13 da provincia da Coruña, 12 da de Pontevedra, 3 en Lugo e 3 en Ourense. Aqueles coas prazas de abastos que non sexan Mercado Excelente poderán sufragar accións previas para acadar o selo, como a preparación ou actualización da diagnose da situación e usos do mercado, formación dos praceiros e praceiras, a elaboración da documentación técnica ou melloras das instalacións e do equipamento. Neste caso, rexistráronse 28 municipios beneficiarios. Os que xa contan co selo poden recibir apoio para accións de acondicionamento, mellora de servizos para a clientela ou formativas, entre outras. Neste punto resultaron beneficiarios os tres concellos con mercados que teñen este distintivo.

En canto ás asociacións de prazas de abastos, 11 das beneficiarias corresponden á provincia de Pontevedra, dúas á Coruña e unha a Ourense. No caso das asociacións finánciase o mantemento dos seus *marketplaces*, material promocional ou servizos de fidelización de clientela, entre outras, e ás federacións, a realización de campañas comerciais ou eventos.

Novidades para impulsar estas instalacións

Entre as novidades incorporadas polo Goberno galego á convocatoria de axudas deste ano está a simplificación das liñas de actuación para promover unha maior axilidade administrativa. Ademais, os concellos contan cun período de gasto bianual, entre 2025 e 2026, para garantir máis tempo de execución para as actuacións obxecto de axuda.

O obxectivo é fortalecer e consolidar unha rede ao abeiro do selo de Mercados Excelentes, un distintivo que impulsa a Xunta para recoñecer aquelas prazas de abastos que están a responder de xeito diferencial e destacado aos retos da modernización e a innovación sen perder a súa autenticidade e tradición. Precisamente o Plan estratéxico de comercio inclúe accións dirixidas a estes fins, entre elas a iniciativa Prato do Mercado, que poñerá en valor a importancia do produto fresco dos mercados que se atopa nos menús dos mellores restaurantes das nosas contornas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTACA O VALOR DA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA GALEGA CERTIFICADA AO SUPERAR OS 700 M€ NO 2024, UN 6,8 % MÁIS QUE NO ANO ANTERIOR

- O valor dos produtos agroalimentarios das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas foi de máis de 595 millóns de euros, mentres que os produtos ecolóxicos certificados polo Craega supuxeron máis de 110 millóns
- Actualmente intégranse dentro de selos de produción alimentaria de calidade máis de 22.400 explotacións agrarias e case 1.200 industrias transformadoras e comercializadoras
- O sector vitivinícola e o cárnico son os de maior valor en canto a producións certificadas, destacando a Denominación de Orixe Protexida (DOP) Rías Baixas e a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega
- A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, investirá neste 2025 un total de 8,5 millóns de euros para a potenciación destes certificados agroalimentarios con diferentes liñas de axudas

A Consellería do Medio Rural destaca o valor da produción agroalimentaria de calidade certificada galega, na cal se inclúen 35 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas e os produtos certificados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega). O seu valor en 2024 ascendeu a máis de 700 millóns de euros, superando nun 6,8 % o acadado no ano anterior, dos cales máis de 595 millóns se corresponden coas DOP e IXP e 110 millóns coa produción ecolóxica. Así, esta cifra consolida a liña de evolución ascendente deste parámetro nos últimos anos.

Na xornada de hoxe, o Consello da Xunta tomou razón dos datos da actividade dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario durante o pasado ano. Cómpre sinalar que actualmente existen amparadas á produción alimentaria de calidade máis de 22.400 explotacións agrarias e case 1.200 industrias transformadoras e comercializadoras.

O sector vitivinícola, con 348 millóns de euros, e o cárnico, con máis de 176 millóns, son os de maior valor total das producións agroalimentarias de calidade galegas. Entre eles destácanse as elaboracións amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas e a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega. Por outro lado, o ámbito da produción ecolóxica, liderado polo Craega, achega 110 millóns de euros.

En consecuencia, o valor restante pertence a produtos de orixe animal (queixos e mel), bebidas espirituosas, produtos de orixe vexetal e produtos de panadaría e repostaría. En cada un destes grupos, os produtos máis salientables en función do seu valor do mercado son os que se atopan baixo a DOP Arzúa-Ulloa, a IXP Pataca de Galicia e a IXP Pan de Cea.

Galicia, referente en España

Galicia é un referente no conxunto de España en canto a producións con certificación de calidade, sendo a terceira comunidade autónoma con máis DOP e IXP co 10 % de todas as rexistradas. Estes selos son unha ferramenta esencial dentro do sector

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agroalimentario porque delimitan unha zona concreta do territorio onde se pode producir e elaborar un produto, favorecendo que o valor engadido e riqueza quede aí. Pola súa vez impiden que a denominación poida ser empregada por aqueles que non teñen dereito ao seu uso e prestixian e dan a coñecer a zona de produción, potenciando outras actividades económicas que se desenvolven nese territorio.

A maiores, socialmente, obrigan a ter unha organización de produtores e industrias que favorece o dinamismo da zona e potencia o traballo integrador de todo o sector. Deste xeito, fan tamén visibles producións que polo seu escaso volume terían moito máis difícil o acceso aos mercados. A xestión das diferentes denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas realízase a través dos correspondentes consellos reguladores, que se encargan de garantir a calidade dos produtos e fomentan a súa promoción de cara aos consumidores.

Por iso, e consciente da súa importancia, o Goberno galego aposta por estas producións cun investimento de 8,5 millóns de euros neste 2025, a través do orzamento da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para potenciar as DOP, IXP e produción ecolóxica. Estas achegas distribúense en accións executadas directamente pola Administración e outras destinadas a subvencións aos consellos reguladores e aos titulares das explotacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DÁ O VISTO E PRACE AO 'DECÁLOGO ESTRATÉXICO DE GALICIA', QUE ATRIBÚE Á COMUNIDADE UN PAPEL ACTIVO E DIFERENCIAL NA REVISIÓN DA PPC

- O documento é o resultado do traballo conxunto entre a Administración autonómica e o sector, consensuado co Consello Galego de Pesca, e sustentado en análises técnicas
- A rexionalización, a protección do mercado interior europeo para dotalo de soberanía alimentaria, garantir a seguridade alimentaria, asegurar o relevo xeracional, axudar a frota a afrontar o reto climático e fomentar a economía azul, prioridades da proposta

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao *Decálogo estratéxico de Galicia na defensa dos seus intereses ante a revisión da PPC*, no cal se establecen as prioridades da comunidade ante o proceso aberto o ano pasado pola Comisión para a súa avaliación. Trátase dun documento que é o resultado conxunto entre a Administración autonómica e o sector, consensuado co Consello Galego de Pesca e sustentado en análises técnicas.

O Goberno galego presenta así unha proposta firme para influír nas políticas europeas de pesca e océanos, defendendo unha política pesqueira común forte que sitúe as persoas profesionais do mar, así como os sectores da acuicultura e o marisqueo, no centro da política comunitaria; o valor estratéxico da seguridade e a soberanía alimentaria mediante a pesca e os produtos do mar europeos, o papel clave que pode e debe xogar a PPC dentro do futuro Pacto europeo polos océanos, e un cronograma de accións que recollen o sentir e as propostas do Goberno e do sector galego e as rexións marítimas europeas.

Vén a reformular o ditame aprobado por unanimidade polo Consello no ano 2022 e recolle aspectos do informe sobre o impacto sobre o sector pesqueiro do conxunto de propostas lexislativas e non lexislativas da Comisión Europea, elaborado pola Fundación MarinnLeg por petición da Consellería no ano 2023.

Prioridades

Entre as prioridades do documento están tamén a actualización do concepto de zona altamente dependente da pesca para que as zonas recoñecidas teñan un trato diferenciado encamiñado a preservar a actividade marítimo-pesqueira mediante unha distribución preferente das cotas de pesca. A potenciación da remuda xeracional, a dotación dunha definición ampla da pesca artesanal, apropiada á idiosincrasia de cada bacía marítima, así como a adopción dun enfoque ecosistémico da actividade pesqueira que permita mellorar a súa xestión. Tamén a preservación do patrimonio marítimo ou o fomento da economía azul, que sitúe as actividades da pesca, do marisqueo e da acuicultura no centro do deseño destas políticas.

Nesta liña, outra das demandas é a necesidade de establecer uns obxectivos realistas que permitan abordar os retos ambientais e enerxéticos derivados da adaptación ao cambio climático. Así, avoga por impulsar a investigación relativa á interacción entre as mudanzas ambientais e as poboacións de peixes e sirva tamén para mellorar a análise

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do estado das pesqueiras coa finalidade de desenvolver máis e mellores ferramentas de xestión adaptadas, ademáis da mobilización de suficientes recursos para a modernización e descarbonización da frota, incrementando a súa resiliencia enerxética e a independencia dos combustibles fósiles.

Contexto

A Xunta de Galicia, a través do conselleiro do Mar, Alfonso Villares Bermúdez, preside o Grupo de Traballo de Pesca da Conferencia das Rexións Periféricas Marítimas da UE (CRPM, polas súas siglas en inglés), unha organización cuxo obxectivo principal é influír nas políticas europeas clave —como as políticas marítima, de cohesión, de transporte ou, neste caso, a pesqueira— para que estas teñan en conta as necesidades específicas das rexións marítimas periféricas.

Neste contexto, a Consellería considera que, ante a situación xeopolítica actual e as previsións de reformas políticas na Unión Europea —nomeadamente a anunciada reforma da política pesqueira común (PPC) e a proposta do novo Pacto europeo polos océanos—, Galicia debe exercer un papel activo e diferencial nestes procesos normativos, tendo en conta que é a rexión europea con maior dependencia socioeconómica da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

Como principal potencia pesqueira de Europa —tanto en termos de porcentaxe do PIB, número de descargas, embarcacións, mariscadores e traballadores do mar— a Comunidade quere defender os seus intereses, ben directamente a través da súa participación institucional, como a presidencia do grupo de traballo da CRPM, ben mediante outras canles de representación.

Neste sentido, este departamento autonómico está a desenvolver diversas actuacións para influír e facer oír a súa voz —xunto co resto das rexións europeas— nas institucións da UE no marco da reforma da PPC. Entre elas destaca a elaboración deste decálogo, que foi presentado no Consello Galego de Pesca o pasado 4 de abril.